



Tribunal do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico superior de investigación (APL). RR do 8 de novembro de 2022 (DOG 22.11.2022)

EXERCICIO: 4º exercicio, cuestionario tipo test

DURACIÓN: 40 minutos

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2024

VERSIÓN GALEGO

Non abra este caderno ata que o indique o tribunal

1. Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 do outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- A. As notificacións practícaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.
- B. As notificacións practícaranse preferentemente por medios non electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.
- C. As notificacións practícaranse sempre por medios non electrónicos.

2. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que diten as Administracións Públicas:

- A. Producíranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido, unicamente cando sexan ditados de oficio.
- B. O seu contido axustarase ao disposto polo ordenamento xurídico e será indeterminado e axeitado aos fins daqueles.
- C. As respostas A e B son incorrectas.

3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula os actos administrativos no:

- A. Título III
- B. Título IV
- C. Título V

4. Segundo o artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo para a interposición do recurso de alzada, se o acto fose expreso, será de:

- A. Un mes.
- B. Dous meses.
- C. Tres meses.

5. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra a resolución dun recurso de alzada, caberá:

- A. Recurso de alzada ante o superior xerárquico.
- B. Recurso potestativo de reposición.
- C. Recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos.

6. Cal dos seguintes medios electrónicos de pago non está expresamente indicado no artigo 98 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o pago dunha multa?

- A. Cartón de crédito e débito.
- B. Bizum.
- C. Transferencia bancaria.

7. No trámite de audiencia recollido no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os interesados poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes:

- A. Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince.
- B. Nun prazo non inferior a cinco días nin superior a quince.
- C. En calquera momento.

8. O exercicio do dereito de reunión recollido no artigo 21 da Constitución Española de 1978:

- A. Non necesitará autorización previa.
- B. Nos casos de reunións en lugares de tránsito público e manifestacións farase solicitude previa á autoridade.
- C. Ningunha é correcta.

9. A institución do Defensor do Pobo, como alto comisionado das Cortes Xerais, será regulada por:

- A. Real Decreto.
- B. Lei ordinaria.
- C. Lei orgánica.

10. Segundo a Constitución Española de 1978, indica cal destas afirmacións sobre o Tribunal Constitucional é incorrecta:

- A. O Tribunal Constitucional componse de 12 membros nomeados polo Rei.
- B. Os membros do Tribunal Constitucional serán designados por un período de nove anos e renovaranse por terceiras partes cada tres.
- C. A condición de membro do Tribunal Constitucional é compatible co exercicio das carreiras xudicial e fiscal.

11. A Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades queda expresamente derogada:

A. Mediante a Disposición derogatoria única da Lei 17/2022, de 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

B. Mediante a Disposición derogatoria única da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario.

C. Mediante a Disposición derogatoria única da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12. A Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, no seu artigo 12, recolle diversas accións para o fomento da Ciencia Aberta e Ciencia Cidadá. Indica a incorrecta:

A. O persoal docente e investigador deberá depositar unha copia da versión final aceptada para publicación e os datos asociados á mesma en repositorios institucionais ou temáticos de acceso aberto, de forma simultánea á data de publicación.

B. Os datos, entendidos como aquelas fontes primarias necesarias para validar os resultados das investigacións, deberán seguir os principios FAIR (datos fáciles de atopar, accesibles, interoperables e reutilizables) e, sempre que sexa posible, difundirse en acceso aberto.

C. As axencias de calidade nunca poderán utilizar os repositorios institucionais como forma de acceso á documentación, para garantir a axilidade dos procedementos de avaliación.

13. Segundo o artigo 18 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, poderán efectuarse rexistros sobre a persoa do traballador, nos seus armarios e efectos particulares?

A. Non, en ningún caso.

B. Só cando sexan necesarios para a protección do patrimonio empresarial e do dos demais traballadores da empresa, dentro do centro de traballo e en horas de traballo.

C. Só cando sexan necesarios para a protección do patrimonio empresarial e do dos demais traballadores da empresa, dentro ou fóra do centro de traballo e en horas de traballo.

14. Segundo o artigo 4 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, estes teñen, entre outros, os seguintes dereitos básicos:

A. Á súa integridade física e a unha axeitada política de prevención de riscos laborais.

B. Observar as medidas de prevención de riscos laborais que se adopten.

C. Cumprir coas obrigacións concretas do seu posto de traballo, de conformidade coas regras da boa fe e dilixencia.

15. Segundo o artigo 6 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, prohibese a admisión ao traballo aos menores de:

- A. Quince anos.
- B. Dezaseis anos.
- C. Dezaioito anos.

16. O artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela establece que os postos de traballo con nivel orgánico de xefatura de servizo proveranse mediante:

- A. Concurso ordinario.
- B. Concurso de méritos.
- C. Libre designación.

17. Segundo o artigo 74 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, o órgano de participación da sociedade na Universidade de Santiago de Compostela é:

- A. Consello Social.
- B. Claustro Universitario.
- C. Consello de Goberno.

18. Segundo o artigo 77 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, o Pleno do Claustro Universitario deberá reunirse, con carácter ordinario:

- A. Polo menos unha vez ao ano durante o período lectivo.
- B. Polo menos dúas veces ao ano durante o período lectivo.
- C. Polo menos tres veces ao ano durante o período lectivo.

19. En relación cos órganos de selección, segundo o artigo 38 do Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela:

- A. Os órganos de selección estarán compostos por un número impar de membros, nunca superior a cinco, coa seguinte composición: 1 presidente, 3 vogais e un secretario que actuará con voz e voto.
- B. Preferentemente, a secretaría exerceraa un funcionario da área de Recursos Humanos.
- C. Todos os membros do tribunal actuarán en representación propia e deberán ser persoal laboral fixo ou temporal e posuirán a mesma ou superior titulación que a esixida para ser admitido ás probas que se convocan.

20. Segundo o artigo 72 do Convenio colectivo para o persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela:

- A. As faltas leves prescriben aos dous meses, as faltas graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.
- B. As faltas leves prescriben aos seis meses, as faltas graves aos dous anos e as moi graves aos cinco anos.
- C. As faltas leves prescriben aos seis meses, as faltas graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

21. Según el artículo 69 del Convenio colectivo para el personal laboral de la Universidad de Santiago de Compostela, es falta grave:

- A. A falta de asistencia ao traballo sen causa xustificada un día nun mes.
- B. O descoido ou neglixencia no exercicio das súas funcións.
- C. As faltas de puntualidade sen causa xustificada durante tres días nun mes.

22. Segundo o artigo 4 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, defínese como:

- A. Risco laboral.
- B. Danos derivados do traballo.
- C. Prevención.

23. A Lei de Prevención de Riscos Laborais, no seu artigo 21, indica que, cando un traballador considere que a súa actividade entraña un risco grave e inminente para a súa vida ou saúde, terá dereito a:

- A. Interromper a súa actividade e abandonar o lugar de traballo, en caso necesario.
- B. Seguir traballando co equipo de protección individual (EPI) axeitado.
- C. Interromper a súa actividade, abandonando o lugar de traballo cando o empresario o autorice.

24. Os Delegados de Prevención son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo. Segundo o artigo 35 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, unha empresa con 150 traballadores contará con:

- A. 2 Delegados de Prevención.
- B. 3 Delegados de Prevención.
- C. 4 Delegados de Prevención.

25. Que norma recolle que o galego, como lingua propia e oficial da Universidade de Santiago de Compostela, será a lingua de comunicación por defecto na súa actividade institucional e administrativa, así como nos servizos que preste?

- A. O Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela.
- B. A Lei 5/1980 de Normalización Lingüística.
- C. A Lei 20/2013 de Procedemento Administrativo Común.

26. Segundo o artigo 6 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela:

- A. Nas intervencións que realicen os representantes institucionais da USC ante os medios de comunicación internacionais, a lingua que utilizarán será o inglés.
- B. Nas intervencións que realicen os representantes institucionais da USC ante os medios de comunicación galegos, a lingua que utilizarán será o galego.
- C. Nas intervencións que realicen os representantes institucionais da USC ante os medios de comunicación españois, a lingua que utilizarán será o castelán.

27. En relación co artigo 9 do Regulamento de usos lingüísticos da Universidade de Santiago de Compostela que recolle os usos lingüísticos na administración, cal destas afirmacións non é correcta?

- A. A lingua dos procedementos administrativos tramitados pola USC será, por defecto, o galego.
- B. No entanto, empregarase o castelán cando resulte procedente segundo o disposto na lexislación de procedemento administrativo.
- C. A lingua de redacción das disposicións de carácter xeral aprobadas pola USC será o castelán.

28. Segundo o establecido no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, todo trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou a maternidade constitúe:

- A. Discriminación obxectiva por razón de sexo.
- B. Discriminación directa por razón de sexo.
- C. Discriminación indirecta por razón de sexo.

29. Cal das seguintes accións para promover a igualdade no ámbito da educación superior por parte das Administracións públicas, non está expresamente incluída no artigo 25 da Lei Orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva de mulleres e homes?

- A. A inclusión, nos plans dos estudos da totalidade dos graos impartidos, de ensinos en materia de igualdade entre mulleres e homes.
- B. A creación de posgraos específicos.
- C. A realización de estudos e investigacións especializadas na materia.

30. Segundo o artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Cal dos seguintes é un dereito individual que se exerce de forma colectiva?

- A. Liberdade sindical.
- B. Vacacións, descansos, permisos e licenzas.
- C. Xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables.

PREGUNTAS DE RESERVA

31. Cal dos seguintes casos non está expresamente incluído no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas como causa de nulidade de pleno dereito?

- A. Os que teñan un contido imposible.
- B. Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- C. Os ditados por órgano incompetente por ter este un superior xerárquico a quen compete ditar o acto.

32. Segundo o establecido no artigo 16 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes:

- A. Os Poderes Públicos atenderán obrigatoriamente ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan.
- B. Os Poderes Públicos procurarán atender ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designacións dos cargos de responsabilidade que lles correspondan.
- C. Ningunha é correcta.

33. Cal das seguintes respostas non é correcta? Segundo o artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, porán fin ao procedemento:

- A. A resolución, o desistimiento, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.
- B. Tamén producirá a terminación do procedemento a imposibilidade material de continuarlo por causas sobrevindas. A resolución que se dite deberá ser motivada en todo caso.
- C. O silencio administrativo en procedementos iniciados de oficio.